

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 20 de febreiro de 2018 pola que se convocan as actividades formativas para o persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2018 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, procede convocar as actividades de formación para o persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia do ano 2018 que se detallan nos anexos desta resolución,

RESOLVO:

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I
Bases**Primeira. Requisitos dos participantes**

Poderán participar nas actividades formativas convocadas nesta resolución:

Os/as empregados/as públicos/as e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, auxilio xudicial e médicos forenses da Administración de xustiza en Galicia en situación de servizo activo, permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun/ha fillo/a ou dun/ha familiar e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Toda persoa solicitante que ao inicio do curso estea en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado. Esta incidencia deberá ser comunicada á EGAP con carácter inmediato.



Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, duración e condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>.

Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes ata as 23.55 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límitase a cinco.

3. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

4. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listas de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

5. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

6. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un ordenador con conexión á internet.
- Un navegador web co *plugin* de *flash*.



7. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas de acordo cos criterios de selección (discapacidade, permiso de maternidade, etc.) poderán remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

8. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57 e 981 54 63 35 e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

Cuarta. *Criterios de selección*

1. Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro).

O baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos que o 60 % estará vinculado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 40 % restante á antigüidade na Administración.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo ao que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo). Para o ano 2018, segundo a Resolución da Consellería de Facenda do 16 de xaneiro (DOG núm. 19, do 26 de xaneiro), comezase pola letra G.

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

Quinta. *Publicación das relacións do alumnado seleccionado*

1. A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas



de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

O prazo de presentación de alegacións será de cinco días naturais desde a súa publicación.

Entenderase que as persoas que non figuren na relación foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria ou ocupan un posto máis afastado na listaxe de agarda.

2. Transcorrido o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso.

Sexta. Cambios ou substitucións na selección, renuncia, asistencia e puntualidade

1. Os cambios ou as substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

- Por causa de forza maior suficientemente acreditada.
- Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte das persoas responsables dos centros directivos.
- Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP cunha antelación mínima de tres días naturais anteriores ao inicio da actividade formativa. Na páxina web da escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para isto poderase utilizar preferentemente o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).



c) As persoas que incumpran o previsto nas alíneas a) e b) pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3. A asistencia e a puntualidade:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia nas actividades presenciais:

1. Non poden superar, en ningún caso, o 10 % das horas lectivas presenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante os/as responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas presenciais, pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

d) Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

e) Seguimento das actividades impartidas na modalidade mixta:

As faltas de asistencia nas horas presenciais da actividade non poderá superar o 10 % da duración desta. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.



As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría na parte de teleformación da actividade pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

Sétima. *Realización de probas*

1. Para poder superar as actividades de formación, o alumnado deberá superar unha proba de avaliación que se realizará ao final delas, tanto na modalidade de teleformación como nos cursos que se impartan de xeito presencial. As probas poderanse desenvolver de xeito descentralizado nas sedes que se determinen no comezo de cada actividade.

2. Para poder superar as actividades de teleformación, é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

– A adecuada realización de todas as actividades que a titoría propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final presencial.

– A superación das probas de avaliación que para os efectos se establezan.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas no anexo II da resolución de convocatoria, así como as datas e o horario en que estas terán lugar. Salvo que se determine outra cousa, nestas actividades as probas de avaliación finais serán presenciais nos lugares e nas datas que se establezan. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das modificacións das datas concretas e do horario da proba final.

Oitava. *Certificado de aproveitamento*

Para a obtención do certificado de aproveitamento, o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe mediante o que declara apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba.

Non se expedirán certificados de asistencia sen a superación do curso.



Novena. Facultades da EGAP

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que se poidan producir no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exijan as circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e o cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP resérvase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso no que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ modalidade	Datas	Data proba de avaliación	Horario
Itinerarios formativos									
FX18005	A custodia compartida nas crises matrimoniais	50	17	Aproveitamento	<p>Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Traballadores e axentes sociais da administración local, persoal dos puntos de encontro e persoal dos servizos de mediación familiar da Comunidade Autónoma.</p>	Teleformación	9.11.2018 26.11.2018	30.11.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18006	Modulo I. Execución civil: disposicións xerais	50	25	Aproveitamento	<p>Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>	Teleformación	2.4.2018 26.4.2018	2.5.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18007	Modulo II. Execución civil: procedemento de constrinximento e trámites posteriores. Especialidades da execución hipotecaria	50	25	Aproveitamento	<p>Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>	Teleformación	30.4.2018 24.5.2018	30.5.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18009	Módulo IV. Xurisdición voluntaria	50	20	Aproveitamento	<p>Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>	Teleformación	4.5.2018 28.5.2018	1.6.2018	Proba de avaliación 19.00 h
FX18010	Módulo V. Concursal	50	20	Aproveitamento	<p>Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>	Teleformación	24.10.2018 12.11.2018	15.11.2018	Proba de avaliación 19.00 h





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ modalidade	Datas	Data proba de avaliación	Horario
FX18008	Modulo III. Procedementos civís: disposicións xerais e modalidades procesuais	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	28.5.2018 21.6.2018	26.6.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18011	Módulo I. Lexislación social I	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	21.9.2018 15.10.2018	18.10.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18012	Modulo II. Lexislación social II	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	19.10.2018 12.11.2018	15.11.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18013	Modulo III. A execución no proceso laboral	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	2.11.2018 26.11.2018	30.11.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18014	Módulo I. Contencioso I	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	2.4.2018 26.4.2018	2.5.2018	Proba de avaliación 17.30 h
FX18015	Módulo II. Contencioso II	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	4.5.2018 28.5.2018	1.6.2018	Proba de avaliación 17.30 h
FX18017	Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	6.4.2018 25.4.2018	2.5.2018	Proba de avaliación 19.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ modalidade	Datas	Data proba de avaliación	Horario
FX18018	Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	15.10.2018 12.11.2018	15.11.2018	Proba de avaliación 17.30 h
FX18016	A prisión provisional como medida cautelar persoal no proceso penal	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Persoal ao servizo de institucións penitenciarias destinados na Comunidade Autónoma de Galicia. Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolvan tarefas relacionadas co contido do curso.	Teleformación	17.9.2018 15.10.2018	18.10.2018	Proba de avaliación 17.30 h
FX18019	Módulo III. Execución penal. Análise das normas de aplicación. Guías de tramitación	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	30.4.2018 24.5.2018	30.5.2018	Proba de avaliación 17.30 h
FX18020	Módulo IV. Actividades procesuais dos xulgados de instrución	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	25.4.2018 24.5.2018	30.5.2018	Proba de avaliación 19.00 h
Coñecementos xerais oficina xudicial e fiscal									
FX18022	Atención ás vítimas de delito e información ao cidadán	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	29.10.2018 27.11.2018	30.11.2018	Proba de avaliación 19.00 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ modalidade	Datas	Data proba de avaliación	Horario
FX18023	Organización de arquivos xudiciais e expurgo	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativo e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	28.9.2018 22.10.2018	25.10.2018	Proba de avaliación 19.00 h
Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)									
FX18026	Introdución ao expediente xudicial electrónico	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	24.9.2018 22.10.2018	25.10.2018	Proba de avaliación 17.30 h
FX18025	Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679, de protección de datos.	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	17.9.2018 16.10.2018	22.10.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18027	Seguridade da información na Administración de xustiza en Galicia	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	24.9.2018 22.10.2018	25.10.2018	Proba de avaliación 16.30 h
FX18024	Xustiza dixital	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	30.4.2018 29.5.2018	1.6.2018	Proba de avaliación 16.30 h
Coñecementos transversais									
FX18028	Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	7.6.2018 21.6.2018	26.6.2018	Proba de avaliación 17.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ modalidade	Datas	Data proba de avaliación	Horario
FX18029	Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo e integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia	Teleformación	21.9.2018 15.10.2018	18.10.2018	Proba de avaliación 19.00 h
Medicina forense									
FX18030	Intervención do médico forense nos procedementos de negligencias profesionais: cuestións xurídicas e abordaxe metodolóxico	30	12	Aproveitamento	Médicos forenses	Presencial	18.10.2018 19.10.2018	19.10.2018	O día 18 de 16.00 a 20.00 h O día 19 de 9.30 a 14.00 h e de 15.30 a 19.00 h
FX18031	O menor como vítima do delito	30	12	Aproveitamento	Médicos forenses, psicólogos e traballadores sociais do Imelga	Presencial	31.5.2018 1.6.2018	1.6.2018	O día 31 de 16.00 a 20.00 h O día 1 de 9.30 a 14.00 h e de 15.30 a 19.00 h